



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día vinte e oito de novembro do ano dous mil catorce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- D^a. Carmen Gloria Fernández Ozores
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación dona Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o señor Alcalde pide que se garde un minutos de silencio polas vítimas de violencia de xénero, a petición dunha formación política.

A continuación, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (Ord. 26/09/2014).

A señora Estévez Alvarez non ten nada que dicir.

O señor Lomba Alonso pide que se faga unha corrección na páxina 39, despois das mocións, a intervención non a fixo el, entende que hai un erro. di que non ten nada que dicir.

A señora Iglesias Ferreira di que aprobarán a acta.

Sometida a votación a **acta de 26.09.2014, coa corrección antedita**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 2º.- DAR CONTA DE DECRETOS.

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

PUNTO 3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE DESERTA DA LICITACIÓN DA XESTIÓN DA CAFETERÍA DA PASAXE.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Aprobado polo Pleno do Concello da Guarda de 23 de xullo de 2014 o expediente de contratación para adxudicar a explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería-restaurante na Estación Marítima da Pasaxe, sendo obxecto de publicación do anuncio no BOP de 27 de agosto de 2014 e no DOGA de 4 de setembro de 2014, sen que se presentasen ofertas durante o prazo sinalado ó efecto

*Propónse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:*

1.- Declarar deserta a licitación da contratación para adxudicar a explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería-restaurante na Estación Marítima da Pasaxe no Concello da Guarda, dado que non se presentaron ofertas durante o prazo sinalado ó efecto.

2.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante municipal e nos diarios oficiais correspondentes.”

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor, non houbo licitadores porque os pregos non foron atractivos.

O señor Lomba Alonso di que se van abster, xa manifestaron a súa opinión con anterioridade.

A señora Iglesias Ferreira di que lamentablemente foi así, e se van abster.

Sometida a votación a **proposta** foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González e Estévez Álvarez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

PUNTO 4º.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 NO RECURSO 293/2013.

O señor Alcalde da conta do escrito presentado polo letrado municipal, comunicando a sentenza dictada o 30 de setembro de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra desestimando o recurso contencioso-administrativo nº 293/13 entablado por DNA. Mª MERCEDES MARQUEZ LOMBA contra o acordo plenario do Concello da Guarda adoptado en sesión celebrada o 9-7-2013 polo que se acordou finalizar o expediente de investigación de oficio dunha rampa existente no nº 159 da rúa A Cal, declarando que non é posible determinar o seu carácter público.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde explica que isto é froito dunha controversia entre veciños, o Concello non puido determinar a titularidade pública del terreo, e parece ser que se entablou un novo recurso.

Non hai intervencións.

PUNTO 5º.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2014.

O señor Alcalde da conta do informe de morosidade do 1º trimestre 2014.

A señora Estévez Álvarez di que se da por enteirada, e quere deixar constancia de que a data do informe está mal.

A señora Magallanes Álvarez di que efectivamente, a data está mal, non é 2013, senón 2014, o informe foi asinado pola tesoreira que estivo un par de meses e xa non está, polo que constará a corrección na acta.

O señor Lomba Alonso di que isto deriva da burocracia a que somete o Estado español, aínda que quere deixar constancia de que se están rendindo ante o Pleno agora o primeiro trimestre, polo que isto debe deixar de pasar.

A señora Iglesias Ferreira di que o informe de tesorería é para dar cumprimento á lei, se ben hai un retraso considerable en traelo.

O señor Alcalde di que estiveron sen tesoreira, e logo veu unha durante dous meses, estando solicitada a cobertura do posto á Dirección Xeral, para evitar retrasos, e esperan que se cubra por habilitado nacional.

PUNTO 6º.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 2º TRIMESTRE 2014.

O señor Alcalde da conta do informe de morosidade do 2º trimestre 2014.

A señora Estévez Álvarez di que se da por enteirada, e quere deixar constancia de que a data do informe está mal.

O señor Lomba Alonso se da por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira se da por enteirada.

PUNTO 7º.- DAR CONTA DAS LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO 2015.

O señor Alcalde da conta das liñas xerais do orzamento 2015:

“Decreto de alcaldía decreto nº 0699

A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, estable no seu artigo 15 a obriga de remitir información sobre as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte, recollidas no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A citada remisión, de conformidade co disposto no artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, debe efectuarse por medios electrónicos, e mediante firma electrónica a través do sistema habilitado polo Ministerio de Facenda y Administracións Públicas.

No uso das facultades outorgadas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así como no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, esta alcaldía acorda:

Primeiro.- Aprobar as liñas fundamentais do orzamento para o exercicio 2014 segundo a información que obra nos anexos que acompañan a esta resolución.

Segundo.- Ordenar á interventora do Concello a remisión por medios electrónicos dos datos que constan nos anexos.

Terceiro.- Dar conta do presente decreto ao Pleno na próxima sesión que celebre.”

O señor Alcalde fai constar que existe un erro na data, non é 2014 senón 2015.

A señora Estévez Álvarez quería facer constar ese erro e se da por enteirada.

O señor Lomba Alonso di que se trata doutra das medidas do PP para enredar e dar traballo ós departamentos económicos. En relación co erro, podería non selo tanto, xa que o Concello leva sen orzamento dende 2012, e pensa que o Estado debería preocuparse de que os Concellos aproben os orzamentos en tempo e forma.

A señora Iglesias Ferreira se da por enteirada.

PUNTO 8º.-DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO.

O señor Alcalde da conta do período medio de pago.

A señora Magallanes Álvarez di que isto tamén é froito das remsións trimestrais a Madrid, e neste caso, no terceiro trimestre de 2014 o período medio de pago no Concello é de 40 días e no Padroado de 36 días. Di que se están facendo grandes esforzos e se van acercando para tratar de pagar ós provedores no período mínimo posible.

Os membros da Corporación se dan por enteirados.

PUNTO 9º.- DAR CONTA DA EXECUCIÓN DO TERCEIRO TRIMESTRE.

O señor Alcalde da conta da execución do terceiro trimestre.

A señora Magallanes Álvarez di que inclúe a execución de gasto do Concello e do Padroado, se trata de documentación a remitir que supón moita carga de traballo.

Os membros da Corporación se dan por enteirados.

PUNTO 10º.- MOCIÓNS.

RE nº 6586 do BNG: Moción contra a violencia machista.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

“MOCIÓN CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

1- Exposición de motivos:

A violencia machista é unha realidade que golpea día tras día as mulleres deste país. O 24 de marzo deste mesmo ano a Secretaría xeral de Igualdade facía público o **Informe anual de seguimento da leí 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**, que deixaba uns datos demoledores e que recollía as medidas implantadas pola Xunta de Galiza, que esta xulga oportunas cando todos os indicadores sinalan que son claramente insuficientes. Para as mulleres e as organizacións que loitamos contra a violencia machista, é un feito incontestábel que non podemos continuar a contar o número de mulleres asasinadas e os numerosos casos de agresións físicas e psicolóxicas sen tomar medidas urxentes que impliquen o conxunto da cidadanía e trasladen ás mulleres un verdadeiro apoio e a garantía de se respectar o seu dereito a vivir unha vida digna sen violencia.

Para alen desta consideración, levan causado un forte escándalo social as declaracións humillantes e vexatorias para as mulleres que diferentes cargos institucionais realizan de maneira impune, contribuíndo a crear un clima de indefensión e de inseguridade que nada axuda a crear a conciencia necesaria de que a violencia machista só pode merecer a tolerancia cero desde institucións e organizacións políticas.

O feito de que ano tras ano as administracións non sexan capaces de frear a violencia contra as mulleres e de crear conciencia na sociedade para facer efectiva a prevención e/ou a resposta inmediata, indigna amplos sectores da cidadanía que constatan inexistencia de medidas reais que cheguen a todos os ámbitos da vida e que sirvan, dunha vez por todas, para demostrar que o compromiso coa loita contra o machismo é unha prioridade política absoluta.

É responsabilidade do conxunto da cidadanía e, en particular, das persoas con responsabilidades políticas, garantir o cumprimento das leis orgánica e galega, protexer as vítimas da violencia machista e as/aos menores ao seu cargo, esixir que os medios de comunicación non contribúan a crear e manter prexuizos sexistas, traballar para que a comunidade educativa eduque verdadeiramente en igualdade e denunciar todas e cada unha das agresións que as mulleres sofren no día a día.

Co obxectivo de exercer este compromiso día a día, no marco da celebración todos os días dos contidos que só parecen existir arredor da data do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia contra as Mulleres, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Trasládadle á Xunta de Galiza o urxente desenvolvemento lexislativo do artigo 39 da **Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**, de xeito que se recolla, como mínimo:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- A regulación das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero co obxectivo de establecer baremos de renda non inferiores aos que se recollían ñas convocatorias dos anos 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010 e eliminando a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas neste artigo.

- A garantía de que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano.

- A fixación dun prazo máximo de 30 días para a resolución e o pagamento efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude.

- A ampliación da duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

2. Apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero e desenvolver, en colaboración co tecido social, unha campaña urxente de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de pillar os agresores.

3. Elaborar un plan de formación especial para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violencia de xénero.

4. Esixir o cumprimento da normativa en publicidade sexista, chegando a romper patrocinios con aqueles medios que o incumpriren.

5. Ser exemplares na loita contra a violencia cotia e os micromachismos e, por tanto, rexeitando e esixindo responsabilidades políticas a aquelas persoas con cargos institucionais que fixeren declaracións machistas.

6. Diseñar un plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe ao conxunto da sociedade.”

A señora Estévez Álvarez di que están en contra da violencia machista, e votarán a favor da moción.

A señora Iglesias Ferreira di que o espírito da moción debe estar por riba das ideoloxías, están en contra da violencia, se está traballando nestas e outras medidas. Van apoiar a moción, que ten un trasfondo social e se trata dunha realidade dramática.

A señora Magallanes Álvarez di que apoiarán a moción.

Sometida a votación a **moción**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

RE nº 6940 do BNG: Moción para apoiar a comercialización de proximidade.

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

" MOCIÓN PARA APOIAR A COMERCIALIZACIÓN DE PROXIMIDADE

1-Exposición de motivos:

O pasado mes de setembro publicouse o ***Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.*** Este decreto entende por venda directa a que se realiza na casa, en mercados e feiras e en tendas minoristas, que vendan directamente ao consumo final, agás os ovos e establece unha serie de requisitos para poderen realizar esa venda.

Desde o BNG sempre defendemos que se prestixien os nosos produtos primarios como de calidade e que cumpren coas garantías de salubridade. Igualmente xulgamos que se debe facilitar desde os poderes públicos a súa comercialización en circuitos curtos e de proximidade para garantir o máximo beneficio aos e ás produtoras e que a actividade agrícola, a súa transformación e comercialización sexa un elemento de produción de alimentos, de creación de emprego e de dinamización económica.

Porén, este decreto, sen outras medidas que acompañen o desenvolvemento da venda de proximidade e o apoio aos e ás produtoras non vai ter ese efecto dinamizador. De feito, é evidente que non ten como obxectivo relanzar feiras e mercados nin serve para incorporar novas persoas a esta actividade. O articulado do decreto non garante a produción nin fomenta a dedicación de persoas a este tipo de actividade. Por iso, o BNG considera imprescindible desenvolver iniciativas que incidan no apoio á comercialización de proximidade (feiras, mercados periódicos de alimentos producidos no contorno tanto en cidades como vilas, degustacións, etc), ás de venda na propia explotación ou on line, e que teñan como obxectivo a promoción deste tipo de comercialización.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG neste concello propon adoptar os seguinte

ACORDO

- 1. Solicitar do Goberno Galego que, en diálogo co sector, aprobe unha serie de actuacións específicas en diversos ámbitos para dinamizar a venda de proximidade, garantir as mellores condicións de traballo para as persoas produtoras e conseguir unha produción respectuosa co ambiente e a saúde. Entre estas cuestións, están introducir alimentos producidos nas explotacións galegas nos menús dos centros públicos (escolares, hospitais, etc), facilitar base territorial ás persoas que a demandaren para a produción de alimentos e establecer medidas de cotas á seguridade social reducidas e adaptadas a este tipo de actividade produtiva, e o mesmo en relación coa súa fiscalidade, Compre tamén establecer liñas de axuda para que a introdución de elementos de identificación e a introdución de guías de boas prácticas non sexa un gasto engadido ás producións.**



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2. Solicitar do Goberno Galego que impulse unha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega, que acadaren os requirimentos de calidade definidos en consenso co sector.

3. Solicitar do Goberno galego que se abra un diálogo constante co sector coa participación de sindicatos, organizacións agrarias, asociacións de produtores/as, produción ecolóxica, para impulsar medidas que partan do consenso e que realmente dinamicen un sector vital para a economía galega.”

O señor Lomba Alonso di que esta moción ten aínda máis sentido nun ámbito de crise.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

O señor Fontenla Martínez quere explicar este Decreto, pois na moción non está claro o que se pide. O regulamento só recolle legumes, cereais, horta, mel e os ovos se poden meter agás en explotacións minoristas. Quere que o BNG lle explique como pensan introducir os produtos nos menús de centros públicos.

O señor Lomba Alonso di que a moción é suficientemente clara, quen ten que falar é o sector, e se artellarán medidas para incluílos nos menús, pois cre que se fora para beneficiar a unha multinacional se faría.

O señor Fontenla Martínez di que os hospitais e colexios son de tipo 3, non poden venderles máis que un distribuidor con rexistro sanitario, e a moción se titula “Moción para apoiar a comercialización de proximidade”, é unha aberración. Hai programas na Xunta, como “A Nosa Horta”, pero non pode votar a moción a favor, el traballa nisto e non pode aceptar a moción.

O señor Español Otero di que votarán a favor da moción, non traballan nese sector como o señor Fontenla Martínez.

Sometida a votación a **moción**, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis votos en contra).

RE nº 7013 do GMS: Moción relativa a prohibición da pesca do xeito nas nosas costas.

O señor Alcalde da conta da seguinte moción:

“ MOCIÓN relativa a "PROHIBICIÓN DA PESCA DO XEITO NAS NOSAS COSTAS".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea quere prohibir as redes de deriva, entre as que se atopa unha pequena rede de carácter artesanal, con escasa incidencia sobre os recursos pesqueiros e con unha ínfima incidencia sobre o ecosistema marino, respectuosa e selectiva. Esta rede denomínase "XEITO" e trátase dunha arte pesqueira puramente artesanal usada en pequenas localidades costeiras de Galicia, para a captura da sardiña.

É unha arte moi respectuosa co medio xa que apenas produce capturas incidentais posto que o seu uso realízase en zonas moi pretas as costas, dentro das rías galegas e sendo ademais unha arte que non permanece calada mais de dúas horas.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Tratase dunha arte que va moi ligada ao desenrolo socioeconómico das pequenas localidades costeiras como na nosa. Na actualidade, so en Galicia, máis de 400 embarcacións contan con permiso de pesca para esta arte e máis de 1000 familias dependen directamente desta pesqueira, ao que hai que sumar outros sectores aos que afecta indirectamente.

Por todo o anterior, as Xuventudes Socialistas da Guarda proponen ó Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar a Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que defenda ante a Comisión Europea a pesca do Xeito por ser unha arte tradicional que se realiza no interior das costas galegas.”

O señor Alcalde explica que postos en contacto coa Cofradía de Pescadores, hai un número considerable na Guarda que subsistiron coa sardiña, non se afecta outra especie. Nesta caso é unha deriva menor, pois as nosas redes están caladas poucas horas.

A señora Estévez Álvarez pide que se retire a expresión “*no interior das costas galegas*”, pois A Guarda ten costa exterior, accedendo o señor Alcalde.

O señor Lomba Alonso di que lle gustaría un acordo máis ambicioso e máis amplo. O problema actual dos mariñeiros do pobo deriva dun acordo do goberno central, hai culpables, o PP de Madrid é o que pon en marcha esta directiva. Di que os mares interiores son competencia da Xunta, que fixo deixación de función, e non fixo nada para apoiar ós mariñeiros. Di que a propón que se adopten o seguintes acordos:

- O Concello da Guarda apoia as xustas demandas do sector do xeito do noso concello, así como as mobilizacións que organice o sector, como a de hoxe (polo dito día) en Rianxo.
- O Concello da Guarda insta á Xunta de Galiza a reclamar do Goberno central a retirada do actual proxecto de orde de axudas para a flota afectada polo peche da pesca da sardiña, no caladoiro Cantábrico-Noroeste, e que elabore un novo proxecto no que se inclúan axudas para a flota afectada polo peche como o cerco, racú e xeito.
- O Concello da Guarda insta á Xunta de Galiza a reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito e do racú da prohibición de poder pescar sardiña, e diante da Unión Europea a modificación da proposta de prohibición de artes de deriva, para que quede excluída a arte tradicional do xeito.

O señor Lomba Alonso di que tal e como está redactada a moción é imposible que a Xunta poida demandar á Unión Europea, pois non temos soberanía.

O señor Alcalde di que o GMS presenta unha proposta que trata de lograr consenso, e lle gustaría escoitar a outros grupos.

A señora Iglesias Ferreira di que pensaba que o GMS ía ter o respaldo de toda a Corporación, e agora o dubida, tras escoitar ó BNG. Di que dende maio o goberno da Xunta xa coñece este problema e se xerou un movemento para frear a proposta promovido polo anterior Patrón da Cofradía de Pescadores de Rianxo e polo Presidente da federación galega, se elaboraron e remitiron alegacións ó Ministerio, dende o minuto cero se está traballando, non houbo inacción, non se acatou a Directiva sen máis, e di que ten aquí as alegacións que se presentaron. Está claro o apoio ó arte do xeito, como veñen facendo dende o goberno central e a Xunta. As directivas son europeas, o BNG igual non coñece o proceso, pois BILDU, Os Verdes, Izquierda Verde Nórdica non fixeron ningunha proposta nin iniciativa para defender o xeito. Di que Francisco Millar Món, do PP, fixo unha proposta, e a pesar de que se está traballando, van apoiar a moción.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde pide o apoio do BNG, tal e como está redactada a moción, sen menoscabo de que o BNG presente outra no futuro.

O señor Lomba Alonso di que o próximo mércores o BNG vai levar unha delegación de máis vinte persoas a Bruselas, onde se vai decidir o futuro do xeito, e traerá as votacións para facelas públicas, pois hai iniciativas do BNG no Parlamento Europeo. Doutra banda, se tratan de lograr un consenso, o sector agradecería un acordo máis ambicioso. O BNG está disposto, e vai presentar unha moción “*in voce*” e queren que se vote. Non se pode cumprir o apartado resolutivo pois a Xunta non pode defendelo ante a UE.

O señor Alcalde di que poderían cambiar o apartado resolutivo e que dixera “Instar á Xunta a que inste ó goberno do Estado”, e facer a corrección eliminando a referencia ó interior das costas galegas.

A moción quedaría redactada como segue:

“ MOCIÓN relativa a "PROHIBICIÓN DA PESCA DO XEITO NAS NOSAS COSTAS".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea quere prohibir as redes de deriva, entre as que se atopa unha pequena rede de carácter artesanal, con escasa incidencia sobre os recursos pesqueiros e con unha ínfima incidencia sobre o ecosistema marino, respectuosa e selectiva. Esta rede denomínase "XEITO" e trátase dunha arte pesqueira puramente artesanal usada en pequenas localidades costeiras de Galicia, para a captura da sardiña.

É unha arte moi respectuosa co medio xa que apenas produce capturas incidentais posto que o seu uso realízase en zonas moi pretas as costas, dentro das rías galegas e sendo ademais unha arte que non permanece calada mais de dúas horas.

Trátase dunha arte que va moi ligada ao desenvolvemento socioeconómico das pequenas localidades costeiras como na nosa. Na actualidade, so en Galicia, máis de 400 embarcacións contan con permiso de pesca para esta arte e máis de 1000 familias dependen directamente desta pesqueira, ao que hai que sumar outros sectores aos que afecta indirectamente.

Por todo o anterior, as Xuventudes Socialistas da Guarda proponen ó Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar a Xunta de Galicia a que inste ó Goberno central e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que defenda ante a Comisión Europea a pesca do Xeito por ser unha arte tradicional que se realiza nas costas galegas.”

Sometida a votación a **moción**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

O señor Lomba Alonso reitera que quere presentar unha moción “*in voce*”, sinalando o señor Alcalde que será tratada ó final do punto de mocións.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Español Otero di que haberá que votar a urxencia.

Pola señora Iglesias Ferreira se xenera unha dúbida, pensa que a moción anterior non debera haber sido votada, pois no Parlamento non se fai así.

A secretaria aclara que neste caso a lei permite a presentación de mocións orais, e deberá votarse a urxencia ó non estar contemplada no orde do día.

RE nº 7011 asumida polo BNG: Moción da Plataforma de Emigrantes Retornados do Baixo Miño.

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

“MOCIÓN DA PLATAFORMA DE EMIGRANTES RETORNAOS DO BAIXO MIÑO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma de Emigrantes Retornados do Baixo Miño congratúlale de que grazas á presión que a Cordinadora Galega de Emigrantes Retornados está a facer na rúa por fin se saiba quen son os verdadeiros defraudadores, que non somos os/as pensionistas retornados. Pero non irnos consentir que se lie dea unha solución simplemente cosmética ao noso contencioso coa Axencia Tributaria por atopármonos ñas vésperas dun ano de importantes envites electorais, e, que, pola contra adopten medidas eficaces para que a tributación das nosas pensións sexa xusta e igualitaria.

Con todo isto temos que lamentar a resposta negativa, o pasado mes de outubro, no Parlamento Galego, do Partido Popular, con 40 votos en contra, que tumbou a proposta de modificación da Lei 35/2006, presentada polo BNG con 34 votos a favor de tódolos grupos da oposición que encetaría a posibilidade de solucionar o noso problema.

Aínda así a todo, as plataformas non renunciaremos a nada e seguiremos loitando até conseguir que se faga xustiza e igualdade.

Para tratar de que o goberno español modifique a Lei 35/2006, que aprobou no seu día o PSOE de Zapatero. Para intentar parar a Proposición chamada "regularización", que queren poñela en vigor a partires do 1 de xaneiro de 2015, tal e como pretende o PP e que non cambiaría nada, porque seguiría a discriminación (dous pagadores, 11.200/22.000). Que a Proposición do PP da chamada "regularización" o mesmo ñas invalideces, na seguridade social, nos convenios bilaterais/dobre imposición), medidas todas elas, que serían tan perxudiciais para nos, sería nin máis nin menos que a culminación, o remate desta estafa masiva aos emigrantes retornad@s xubilad@s e pensionistas.

Por iso a Plataforma de Emigrantes Retornad@s do Baixo Miño , solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte:

ACORDO:

1. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1.1. A modificación lexislativa que fixe un mesmo réxime do IRPF, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios Estados. Para que se cumpra co principio de igualdade, modificando a Lei 35/2006, para que as súas pensións sexan iguais que a do resto d@s galeg(a)s. Concretamente no artigo 96 en relación co 17, de tal forma que se estableza a obriga de declarar a partir de 22.000€ ano de ingresos e que para os restantes se estableza un réxime de retencións idéntico ao resto d@s pensionistas.

1.2. O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a execiçón na tributaciçón de ditas pensións (actualmente hai persoas con incapacidade total no país de orixe, que segundo o INSS é equiparábel á absoluta, que están sendo requeridas pola Axencia Tributaria para a súa tributaciçón).

1.3. Solicitar informacion dos países de procedencia das pensións, sobre todo de suiza, para verificar que prestacións xa están sometidas a gravame no país de orixe para evitar a dobre imposición.

1.4. Revisión dos convenio marco con outros países para evitar que situación deste tipo poidan volverse a producir.

1.5. Modificar o texto remitido ás Cortes no sentido de que en ningún caso a obriga de presentar a declaración do IRPF se aplique con carácter retroactivo. Polo tanto que o período de regularización só afecte a partir deste ano.

1.6. Devolución por oficio de todo o pagado e os seus intereses.

1.7. Petición de desculpas e devolución da honra d@s Emigrantes retornad@s galeg@s.

2. Instar á Xunta de Galiza:

2.1. A que aclare como se vai realizar a devolución ás persoas que xa foron requeridas e que aboaron sancións e intereses: trámites a realizar. E tamén do mesmo xeito aos que nos sancionaron e ameazaron con embargos de oficio.

2.2. Realizar unha campaña de información a tódalas persoas afectadas e que se indique quen ten obriga de incluír as pensións na declaración tendo en conta: país de procedencia das pensións, as sentenzas existentes, as resolucións do Tribunal Económico Administrativo e os cambios dos últimos anos nos diferentes convenios bilaterais.

3. Manifestar o apoio deste concello aos vecinos e ás vecinas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria, asistindo á manifestación convocada para o vindeiro venres 5 de decembro na cidade de Ourense, e ao mesmo tempo trasladar á Plataforma de Emigrantes retornad@s do Baixo Miño as xestións realizadas por este Concello despois de presentaren unha moción anterior a esta mesma.

4. Que tódolos grupos políticos que forman parte da Corporación deste Concello asinen un comunicado público condenando a actuación de "dobre cara" do Partido Popular que maioritariamente apoia aos emigrantes retornad@s nos Concellos, votando a favor das iniciativas da Cordinadora Galega de Retornad@s a traveso de mocións, pero, a súa vez,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

votan en contra destas mesmas iniciativas tanto no Parlamento Galego, coma no Congreso dos Deputados, impedindo estes, que a modificación da Lei 35/2006 vaia adiante como así demanda o colectivo de retornad@s.”

A señora Estévez Álvarez di que respalda e apoia as reivindicacións do colectivo, que debe ter o mesmo trato que todos os pensionistas, polo que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que non serán impedimento para que a moción saia adiante, e queren deixar claro que dende o PP da Guarda pensan que non son defraudadores, seguramente tiveron mal información, e se trata dun colectivo vulnerable que viviron moito tempo fora de España. A Axencia Tributaria no 2013 obtén información sobre unas rendas que se perciben, e pon en marcha a lei. Di que se foi traballando pouco a pouco, o goberno propón un proceso de regularización, sabe que non están contentos e que queren máis, cre que poden acollerse ó fraccionamento, se vai abrir un proceso extraordinario de regularización, se vai a proceder a devolución de sancións cobradas e se van condonar todas as restantes. En relación co punto 1.7, di que dende o Parlamento de Galicia se acordou por unanimidade un recoñecemento en torno ó termo “defraudadores”, eles en ningún momento pensaron iso. Di que hai algún punto que non poden apoiar, como o réxime do IRPF, pois non é xusto e sería discriminatorio. Di que é complicado apoiar o punto 4, non poden apoiar todos os puntos pero non van ser impedimento.

Intervén o señor Español Otero e di que non van a entrar a valorar o fondo da moción, hai un trato discriminatorio froito da voracidade de Montoro, que non mediu con cautela, e non foi por ignorancia, pero non eran defraudadores, foi algo que os gobernos deixaron pasar porque entendían que era xusto que así fora. O trato non pode ser discriminatorio con outros pensionistas. Non saben como hai que facer, a Xunta e o Goberno Central Terán que adoptar as medidas para que o trato a este colectivo que tanto lle deu a este país non sexa discriminatorio e desigual respecto doutros pensionistas. Van apoiar a moción, solidarizándose, cren que é moi inxusto, é xente que o deu todo e traballou moito e están sendo maltratados. Resulta mezquino que se haxan metido con este colectivo, os cartos viñeron para aquí.

O señor Lomba Alonso agradece as palabras, se hai algo que necesite esta xente ó apoio. Todos somos iguais, con obrigas e dereitos, algún tiveron moitas obrigas para os dereitos que lles dan agora. Di que houbo saídas de tono do PP, alguén se equivocou, que foi o PSOE, pero tivo a prudencia de non poñelo en marcha, pero o PP o fixo por avaricia. Merecían unha reprobación pública por parte dos seus propios concelleiros, pois é unha auténtica vergoña, a proposta respecto do IRPF é tremendamente xusta, neste pobo moitos fixeron cousas grazas ós cartos que se mandaban do estranxeiro. En relación co último punto, se non o aproban lles dan a razón, o PP dixo que non á modificación desta Lei no Parlamento galego. Cando a Lei é inxusta hai que cambiala, ó que aspira o BNG é que todo o mundo pague o que teña que pagar.

A señora Iglesias Ferreira aclara que non dixo que a Lei fora xusta ou inxusta, apoian ó colectivo, pero o que propón o BNG sobre o IRPF o considera discriminatorio. Fai referencia á Resolución 29 do último Pleno do Parlamento de Galicia contén unha proposta na que o Parlamento insta á Xunta de Galicia a prestar toda a colaboración neste tema, e o BNG votou en contra.

O señor Lomba Alonso pregunta á señora Iglesias Ferreria se está de acordo coa moción, contestando a señora Iglesias Ferreira que non está de acordo co punto 4, pero non dixo que ían votar en contra da moción, dixo que non ían ser impedimento.

O señor Español Otero di que son discusións moi instructivas, pero a pregunta do señor Lomba Alonso é clara, e o GMS vai votar que sí.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a **moción**, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

Neste momento unha persoa do público solicita poder intervir, para agradecer ó apoio dos grupos que votaron a favor da moción, pero para manifestar que se senten abandonados, contestando o señor Alcalde que poderá facelo unha vez se levante á sesión.

RE nº 7027 do PP: Proposta a dictame: protocolo de actuación na xestión do cobro da subida o Monte e calquera outra taxa de museos.

O señor Fontenla Martínez da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA A DICTAME GRUPO MUNICIPAL PP A GUARDA

PROPOSTA A DÍCTAME: PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NA XESTIÓN DO COBRO DA SUBIDA O MONTE E CALQUERA OUTRA TASA DE MUSEOS

Nos últimos meses, este grupo municipal recibiu diferentes queixas de axencias de guías e viaxes, responsables dun grande parte das entradas o Monte, relativas as grandes dificultades existentes para a xustificación dos gastos unha vez executado o pago do canon correspondente.

Temos constancias de multitude de correos e chamadas dos operadores con escasa resposta, e en moitos casos alegando non conformidades entre os datos ofrecidos pola operadora e os dados polo taquilleiro, algo que nestes tempos nos semella incomprendible.

Ante todo isto o grupo Municipal do Partido Popular propon o Pleno a Adopción dos seguintes acordos:

- Instar a realización dun protocolo de actuación serio para tratar de dar seguridade xurídica a xustificación do pago da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR VISITAS A MUSEOS,... de xeito que tanto de xeito previo como a posteriori pódase facer unha xustificación do gasto conforme a legalidade vixente.
- Dar traslado o Patronato para que no marco das súas competencias e como ente responsable asuma a mesma medida.”

O señor Fontenla Martínez explica que se trata dun problema que leva tempo, houbo moitas queixas e se lle trasladaron ó concelleiro e á Interventora, pois manifestaban a posibilidade de deixar de subir ante as dificultades que tiñan en caso de inspección ou auditoría ó non poder xustificar o gasto. Di que o único sitio de Galicia que quedaba era o Monte Trega.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez di que non entendían algunhas cousas que lles foron aclaradas, e pensa que debería someterse ó Padroado.

O señor Fontenla Martínez di que vai no orde do día da vindeira Xunta Rectora.

O señor Lomba Alonso pregunta qué está sucedendo, e se están creando problemas ás empresas, e pensa que isto deberá estar xa contemplado se existe unha Ordenanza, queren escoitar ó equipo de goberno.

Intervén o señor Crespo González e di que nos últimos meses recibiron unha reclamación nun correo, nunca lles chegou outra, é certo que todo é mellorable. Este problema xurde porque había xente que quería carta de pago no momento, a Interventora ten cartas de pago expedidas polo Concello e o Padroado, se lles poden facilitar os trámites ás empresas, parécelles ben a moción, para que no momento poidan solicitar a carta de pago no Monte, na xasetas de cobro ou no museo. Xa hai un modelo co visto e prace de Intervención, está en imprenta.

O señor Fontenla Martínez di que eles teñen constancia de que a Intervención e Turismo chegaron correos e chamadas telefónicas, dende que eles chegaron as cartas de pago fluíron. Non poden existir dúbidas, e agradece o apoio á moción.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

Neste momento intervén o señor Lomba Alonso para presentar unha moción oral, co seguinte texto:

“- O Concello da Guarda apoia as xustas demandas do sector do xeito do noso concello, así como as mobilizacións que organice o sector, como a de hoxe (polo dito día) en Rianxo.

- O Concello da Guarda insta á Xunta de Galiza a reclamar do Goberno central a retirada do actual proxecto de orde de axudas para a flota afectada polo peche da pesca da sardiña, no caladoiro Cantábrico-Noroeste, e que elabore un novo proxecto no que se inclúan axudas para a flota afectada polo peche como o cerco, racú e xeito.

- O Concello da Guarda insta á Xunta de Galiza a reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito e do racú da prohibición de poder pescar sardiña, e diante da Unión Europea a modificación da proposta de prohibición de artes de deriva, para que quede excluída a arte tradicional do xeito.”

Ante as dúbidas xeradas pola presentación da moción, a secretaria aclara que a lexislación prevé a posibilidade de presentar mocións de xeito oral, que deberán tratarse como asuntos de urxencia, sometidos a previa votación da mesma, sinalando que efectivamente se trataría dunha cuestión de forma que non se tivera anunciado dende o principio da sesión, se ben neste pleno moitas veces se alterou o orde do día, e se vota a urxencia de case todos os asuntos que se presentan por esta vía.

O señor Español Otero di que se trata dunha moción moi oportunista, dado que non se transaccionou na moción sobre o asunto, e pensa que debería ser anunciada previo ó inicio do Pleno.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Lomba Alonso di que é unha oportunidade, propoñen un cambio no apartado resolutivo dunha moción para que o acordo sexa máis profundo. Se chegan a aceptar a súa proposta non tería sentido presentar esta moción de urxencia, aquí se votaron urxencias de todo tipo.

O señor Español Otero di ó señor Lomba Alonso que non se tome a mal o de “oportunista”, outras veces os grupos pretenderon cambiar unha moción do BNG e non se cambiou nin unha coma, e non se presentou despois unha moción “in voce”.

O señor Lomba Alonso pasa a xustificar a urxencia porque se trata dun problema que está candente.

O señor Alcalde suspende durante un minuto a sesión para que os grupos poidan deliberar sobre a urxencia.

Reanudada a sesión, a señora Estévez Álvarez di que votará a favor da urxencia, a moción do grupo de goberno foi aprobada.

O señor Español Otero di que o GMS votará en contra da urxencia, o fixeron poucas veces, pero entenden que o obxectivo que se pretendía está cumprido coa moción aprobada do GMS. Tempo houbo para presentala e incluso se coñecían que había outra moción, deberían tela anunciado ó inicio da sesión.

A señora Iglesias Ferreira di que se van abster, se o BNG quere presentar a moción, que a traian e se discute.

Sometida a votación a urxencia da **moción**, acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (seis abstencións).

A urxencia non prospera.

PUNTO 11º- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA.

A señora Estévez Álvarez fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta polos saldos de dubidoso cobro, contestando a señora Magallanes Álvarez que a Tesoreira marchou e o traballo estaba adiantado, polo que se o persoal pode se traerá en breve.

2.- Pregunta se hai Tesoreiro en funcións, contestando a señora Magallanes Álvarez que a funcionaria do departamento de tesourería.

3.- Pregunta o estado do cobro pedente da anterior adxudicataria da cafetería, contestando o señor Español Otero que segue o seu curso.

(Sae o señor González Verde, 21:35 horas).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.

O señor Lomba Alonso fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Fai referencia á caída dunha señora na beirarrúa fronte a praza de abastos, e quere pensar que o Concello a atendeu. Pide o arranxo, non quedou ben e se trata dunha zona moi transitada. Pide que se faga un plan de arranxos doutros lugares, e un dereito dos cidadáns e se trata de evitar accidentes.

(Regresao señor González Verde, 21:37 horas).

O señor Español Otero comparte que hai outros puntos con beirarrúas que hai que arranxar. O plan é difícil, ten orde do Alcalde de arranxar o entorno da praza, pero recoñece que non puido facelo aínda.

ROGOS E PREGUNTAS DO PP.

A señora Iglesias Ferreira fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Dende o pleno de xullo solicitaron arranxos en varias rúas e seguen igual, e se caen persoas.

(Sae a señora García Díaz, 21:40 horas).

2.- Fai referencia ó estado da Alameda: pavimentación e zona de xogos, iluminación, rexillas rotas. O chan da zona de xogo está nun estado lamentable, hai losetas que caen dos muros, faltan rexillas, así como protectores de iluminación.

E di que o mesmo pasa co tema dos verquidos, avisaron que levaba varios días vertendo, contestando o señor Español Otero di que se trata dun tema complexo, pois os colectores poden estar perfectamente nun momento e ter problemas despois, non é algo previsible.

A señora Iglesias Ferreira di que ela o chama constantemente, o tema en Fedorento ocorre moi a menudo, e haberá que arranxalo.

(Regresa a señora García Díaz e sae o señor Rodríguez Amenedo, 21:42 horas).

O señor Español Otero di que se trata dun problema coas instalación do colector, se fixo sen case caída e sen sección, iso xa estaba montado, Augas de Galicia é coñecedora do problema, pois trascende ó noso municipio. Non poden pretender que o Concello asuma a custe, a Xunta deberá facer un proxecto. Agradece as chamadas, pero é algo que vai seguir sucedendo, e cando o poñen en coñecemento de Augas de Galicia din que non teñen cartos.

Intervén o señor Alcalde e di que hai un dato: no treito O Rosal-A Gándara-A Pasaxe, o ano pasado, houbo días en que antes de que o noso Concello vertera nin un metro cúbico xa viña colapsado coa auga procedente do Rosal, se fai un esforzo por non mandar pluviais alí, e O Rosal tamén na medida en que pode

O señor Rodríguez González di que en outubro se recibiron 8000 metros cúbicos, sendo de consumo 2000 metros cúbicos, o resto é de pluviais.

A señora Iglesias Ferreira di que cada vez que pase chamará, contestando o señor Alcalde que o agradece.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Español Otero di que non é desatención, vai pasar moito porque non hai sección.

(Regresa o señor Rodríguez Amenedo e sae a señora Vicente Baz, 21:45 horas).

3.- A señora Iglesias Ferreira pide a revisión das paradas de autobús.
O señor Español Otero di que o encargo está feito para Camposancos, e para o resto xa está encargado.

4.- Pregunta pola antena de Malteses, contestando o señor Alcalde que se lle requeriu á empresa subsanación de erros do proxecto presentado.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre